

I. Disposicións xerais

MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

1904 REAL DECRETO 111/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a concesión directa de subvencións ás comunidades autónomas para a promoción de actividades para a saúde bucodental infantil durante o ano 2008. («BOE» 31, do 5-2-2008.)

A saúde dental infantil é un obxectivo de primeira orde no contexto das políticas de saúde modernas en calquera dos países da nosa contorna. O enfoque preventivo e as actividades que se aplican desde os primeiros anos de vida son claves para o éxito dos programas de saúde.

No caso da saúde dental infantil, a promoción de hábitos saudables, a prevención das principais patoloxías bucodentais e a súa detección precoz mediante revisións de carácter anual constitúe un conxunto de accións de recoñecida utilidade na saúde xeral dos individuos, porque estas patoloxías teñen unha alta prevalencia na poboación e provocan gran morbilidade, afectan a calidade de vida na etapa infantil e, máis tarde, na etapa adulta. Igualmente, relaciónanse con outros problemas de saúde máis graves se non son correctamente tratados.

De acordo cos datos da última enquisa de saúde oral en España (ano 2000), no grupo de idade entre os cinco e os seis anos, soamente arredor do 67 por cento dos suxeitos están libres de carie; aos 12 anos, só o 57 por cento dos suxeitos están libres de carie e obsérvase que esta porcentaxe descende ao 31 por cento para os adolescentes de 15 anos.

Esta situación intentouse superar grazas aos notables esforzos realizados desde as diferentes administracións sanitarias, especialmente nos últimos anos, para ampliar a cobertura e os servizos preventivos e asistenciais na poboación infantil.

O Ministerio de Sanidade e Consumo, como titular da política de ordenación de prestacións e coordinación das actividades relacionadas, a través da Dirección Xeral de Cohesión do Sistema Nacional de Saúde e Alta Inspección, considera que a incorporación destes servizos de atención bucodental á poboación infantil demostrou un importante aumento do número de nenos libres de carie, un dos obxectivos esenciais dos programas de saúde deste tipo.

Coa concesión das subvencións reguladas por este real decreto para a promoción de actividades para a saúde bucodental infantil preténdese dar cumprimento a estes obxectivos. Estas actividades iniciaranse sobre os grupos de poboación de sete e oito anos de idade para, se así procede, a súa progresiva extensión ao longo do

tempo a grupos de idades subseguintes, ata alcanzar as idades de 14 e 15 anos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Sanidade e Consumo, co informe previo do ministro de Economía e Facenda e logo de deliberación de Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de febreiro de 2008.

DISPÕO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto regular a concesión directa dunha subvención a aquelas comunidades autónomas que participen na promoción de actividades para a saúde bucodental infantil no ano 2008.

2. As actividades de promoción de saúde bucodental infantil, no ano 2008, están dirixidas a nenos e nenas de sete e oito anos.

Artigo 2. *Actividades que se van realizar.*

As actividades para a promoción da saúde bucodental infantil que se van subvencionar consistirán nunha revisión anual, cuxo contido preventivo e asistencial mínimo se indica no anexo I, que se aplicará individualmente baixo criterio facultativo.

Artigo 3. *Procedemento de concesión.*

1. As subvencións reguladas por este real decreto teñen carácter singular en virtude do disposto polos artigos 22.2.c) e 28.2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en atención ao especial interese que supón para o Sistema Nacional de Saúde a atención á saúde bucodental infantil.

2. A concesión realizarase de forma directa por resolución da Subsecretaría de Sanidade e Consumo.

Artigo 4. *Réxime xurídico.*

As subvencións reguladas por este real decreto rexeranse, ademais de polo establecido por esta norma, polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e polo Regulamento xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, agás no que afecta os principios de publicidade e concorrência, así como polo establecido nas demais normas de dereito administrativo que resulten de aplicación.

Artigo 5. *Beneficiarios.*

Serán beneficiarios das subvencións reguladas neste real decreto as comunidades autónomas que participen nas actividades para a promoción da saúde bucodental infantil, mediante a subscripción do correspondente convenio para o ano 2008.

Artigo 6. *Obrigas dos beneficiarios.*

Os beneficiarios estarán suxeitos ás obrigas previstas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e en especial ás seguintes:

a) Levar a cabo a actividade para a que se concedeu a subvención. Entenderase cumprido o obxecto da subvención cando a comunidade autónoma acredite o destino dos fondos percibidos ás actividades previstas no anexo I deste real decreto.

b) Presentar a xustificación correspondente nos termos previstos no artigo 9 deste real decreto.

Artigo 7. *Financiamento.*

O importe da subvención será de 22,5 euros por neno/a efectivamente incluído/a nestas actividades. As subvencións obxecto deste real decreto serán financiadas con cargo ao orzamento do Ministerio de Sanidade e Consumo.

Artigo 8. *Contía das subvencións.*

A contía das subvencións distribuirase en función dos datos de poboación do padrón municipal correspondentes ao ano 2006 publicados polo Instituto Nacional de Estadística. Para o ano 2008, considerarase a poboación de sete e oito anos de idade, segundo se especifica no anexo II.

Artigo 9. *Pagamento das subvencións e réxime de xustificación.*

1. As cantidades que aboará o Ministerio de Sanidade e Consumo efectuaranse en dous pagamentos:

a) O primeiro, por importe do 50 por cento do total, segundo estimación de poboación da comunidade autónoma que subscribise o convenio para participar nas actividades para a promoción da saúde bucodental infantil para o ano 2008. A estimación realizarase sobre unha cobertura teórica do 62 por cento do total de poboación de sete e oito anos da comunidade autónoma correspondente.

Este importe considerarase como un anticipo á conta, sen prexuízo de que, unha vez que se xustifique o importe da subvención, se practique a pertinente liquidación e se proceda ao aboamento ou débito correspondente.

b) O segundo, polo importe da cantidade restante, tras a recepción e conformidade da certificación, por parte do responsable do servizo de saúde da comunidade autónoma, do número de casos efectivamente incluídos nas actividades para a promoción da saúde bucodental infantil o 30 de novembro de 2008. De igual xeito, procederase á devolución do importe correspondente por parte de cada comunidade autónoma, no caso de non se alcanzar o 50 por cento da cobertura prevista.

2. A comunidade autónoma disporá de 10 días naturais a partir da data indicada no punto anterior para presentar a certificación mencionada, e considerarase como xustificación por parte dos beneficiarios do cumprimento da finalidade da subvención e da aplicación material dos fondos recibidos, en consonancia co sinalado no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, sen prexuízo do sometemento á verificación que for pertinente.

Artigo 10. *Reintegro.*

Exixirase o reintegro da subvención, co xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención, nos casos e nos termos previstos nos artigos 36 a 43 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Disposición adicional única. *Competencia do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria en relación con Ceuta e Melilla.*

As referencias que nesta norma se realizan ás comunidades autónomas entenderanse feitas ao Instituto Nacional de Xestión Sanitaria en relación coas cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Prazo de vixencia.*

O prazo de vixencia deste real decreto estenderase ao longo de 2008.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Sanidade e Consumo,
BERNAT SORIA ESCOMS

ANEXO I

Actividades que se realizarán para a promoción da saúde bucodental infantil durante o ano 2008

A asistencia dental básica aos nenos incluídos nas actividades para a promoción da saúde bucodental infantil durante o ano 2008 inclúe unha revisión anual cuxo contido mínimo observará as seguintes medidas preventivas e asistenciais:

Instrucións sanitarias en materia de dieta e saúde bucodental, acompañadas de adestramento en hixiene bucodental, aos nenos e aos seus pais ou titores.

Aplicación de flúor tópico, de acordo coa política de fluoración de cada comunidade autónoma e das necesidades individuais de cada neno.

Revisión anual do estado de saúde da cavidade oral, incluíndo exploración radiográfica cando o grao de patoloxía dental do neno así o precise, logo de consentimento formulado por escrito por pais ou titores legais.

Selaxes de fisuras ou fosas nas pezas permanentes.

Obturacións en pezas dentarias permanentes. Cando se detecte carie avaliarase o seu estadio e velocidade de progresión, e se a lesión se considera irreversible procederase a obturala.

Tratamentos polpares (endodoncias) das pezas dentarias permanentes con lesións polpares irreversibles que poidan ser reparadas. En caso de non poder ser reparadas realizarase a súa exodoncia.

Exodoncias de pezas dentarias temporais.

Tartrectomías cando se detecten cálculos e/ou pigmentacións extrínsecas en dentición permanente, que sexan incompatibles coa saúde xenxival.

Tratamentos de incisivos e cairos permanentes en caso de enfermidade, malformacións ou traumatismos, sen prexuízo, no caso de traumatismos, das responsabilidades de terceiros no pagamento do tratamento.

Seguimento nos casos que aconselle o facultativo, para asegurar a correcta evolución clínica da saúde dental do menor.

ANEXO II
Cálculo poboacional e económico

	Idade	Ambos os sexos (1)	Homes (1)	Mulleres (1)	Total poboación	Nenos que se van atender (2)	Custo total	Achega do Estado
Andalucía	7	81.589	41.780	39.809	165.231	102.443	4.609.945	2.304.972
	8	83.642	42.686	40.956				
Aragón	7	10.437	5.482	4.955	21.125	13.098	589.388	294.694
	8	10.688	5.465	5.223				
Asturias	7	6.688	3.414	3.274	13.457	8.343	375.450	187.725
	8	6.769	3.545	3.224				
Balears	7	9.725	5.013	4.712	19.415	12.037	541.679	270.839
	8	9.690	4.984	4.706				
Canarias	7	19.584	10.164	9.420	39.237	24.327	1.094.712	547.356
	8	19.653	9.519	10.134				
Cantabria	7	4.243	2.231	2.012	8.554	5.303	238.657	119.328
	8	4.311	2.270	2.041				
Castilla y León	7	18.422	9.527	8.895	37.657	23.347	1.050.630	525.315
	8	19.235	9.834	9.401				
Castilla-La Mancha .	7	18.925	9.631	9.294	38.030	23.579	1.061.037	530.519
	8	19.105	9.744	9.361				
Cataluña	7	64.577	33.472	31.105	129.421	80.241	3.610.846	1.805.423
	8	64.844	33.416	31.428				
Valencia	7	44.051	22.729	21.322	88.462	54.846	2.468.090	1.234.045
	8	44.411	22.828	21.583				
Extremadura	7	10.394	5.370	5.024	20.871	12.940	582.301	291.150
	8	10.477	5.360	5.117				
Galicia	7	19.421	10.090	9.331	39.222	24.318	1.094.294	547.147
	8	19.801	10.297	9.504				
Madrid	7	54.240	27.954	26.286	108.912	67.525	3.038.645	1.519.322
	8	54.672	28.133	26.539				
Murcia	7	14.920	7.671	7.249	29.894	18.534	834.043	417.021
	8	14.974	7.631	7.343				
Navarra	7	5.730	2.932	2.798	11.424	7.083	318.730	159.365
	8	5.694	2.947	2.747				
País Vasco	7	16.765	8.667	8.098	33.670	20.875	939.393	469.697
	8	16.905	8.744	8.161				
La Rioja	7	2.615	1.342	1.273	5.237	3.247	146.112	73.056
	8	2.622	1.327	1.295				
Ceuta	7	970	502	468	1.980	1.228	55.242	27.621
	8	1.010	505	505				
Melilla	7	965	487	478	1.964	1.218	54.796	27.398
	8	999	529	470				
Total poboación		813.763	418.222	395.541	813.763	504.533	22.703.988	11.351.994

(1) Padrón municipal ano 2006. Instituto Nacional de Estadística.

(2) Cobertura calculada do 62%.